

## **RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE**

Dado que a Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de maio do presente ano aprobou o nomeamento dun funcionario interino para a realización do programa temporal TITORÍAS PARA PREPARACIÓN DAS PROBAS POR LIBRE PARA O GRADUADO EN ESO, con duración ata o 31 de marzo.

E dado que xa foi introducida no Servizo Público de Emprego a correspondente oferta para preselección de candidatos segundo o previsto na Orde APU 1461/2002

Resolvo aprobar as seguintes bases de selección para ese posto:

### **BASES DE SELECCIÓN**

1.- A selección levarase a cabo mediante concurso de méritos, e unha entrevista persoal, e poderán presentarse tódalas persoas que remita o Servizo Público de Emprego, reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público conforme ao R.D. Legislativo 5/2015 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e estean en posesión do GRADO EN MAXISTERIO ou equivalente.

2.- As persoas interesadas nesta contratación deberán presentarse no Concello de Vilagarcía o día 4 de maio, ás 10.00 h. para participar nunha entrevista, debendo aportar/entregar os candidatos/as no mesmo acto:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Xustificante da titulación esixida.
- Currículum vitae e xustificantes dos méritos que aleguen para ser valorados polo Tribunal.

3.- A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no RDL 5/2015, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Dna. Rosa Otero
- Vocais: (3): Dna. María Bermúdez Outón
  - D. Manuel Villaronga García
  - Dna. Marta Barreiro Montaña
- Secretaria/o: D. Javier Villaronga García

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír grao de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.



Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público,. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido na dita lei 40/2015.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4.- O Tribunal avaliará os méritos que aleguen os aspirantes, debidamente xustificados, conforme o seguinte baremo:

1 - Por titulación universitaria relacionada coa ocupación do posto e diferente da esixida, 1 pto.

2 - Por servizos prestados en tarefas relacionadas co posto:

- na Administración Pública: 0,5 puntos por cada ano de traballo.

- en institución ou empresa privada: 0,25 puntos por cada ano de traballo.

o Ata 2 puntos como máximo.

3.- Por cursos impartidos a adultos para preparación das probas para obter o graduado en ESO ou o acceso a ciclos:

- En institucións públicas, 0.1 pto. por cada 10 h. impartidas.

- En institucións privadas, 0,05 ptos. por cada 10 h. impartidas.

o Ata 3 puntos como máximo.

4 - Por asistencia a cursos, publicacións, becas, premios, estudos, traballos de investigación, etc), serán avaliados polo Tribunal da seguinte forma:

- En materias relacionadas coa actividade (0.10p por curso de 8 horas), ata un máximo de 1 punto.

- Por ter o Curso de Aptitude Pedagóxica ou o Curso de Formador de Formadores, 2 puntos. (Avaliarase soamente un destes.)

5 - Coñecemento do idioma galego (CELGA). Consistirá na tradución de dous textos que determinará o tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio, un de galego a castelá e outro



á inversa. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 30 minutos. O exercicio clasificarase de APTO ou NON APTO. É necesario para superalo obter a cualificación de APTO. Estarán exentos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que presenten xunto coa solicitude, documento xustificativo de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

5- A entrevista persoal versará sobre o currículo vitae presentado e coñecementos en relación ó servizo e traballos a realizar, e será avaliada polo Tribunal ata un máximo de 10 puntos.

6.- A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na entrevista, e o Tribunal proporá para a súa contratación ó aspirante que acada a maior puntuación global. Así mesmo formulará lista ordenada dos candidatos coa que se formará unha orde de suplencia.

7.- Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase a contratación ou, renunciase posteriormente, procederíase a realizar o ofrecemento segundo a orden da lista resultante do proceso de selección.

8.- O Tribunal queda capacitado para resolver tódalas dúbidas ou incidencias que xurdan durante o proceso selectivo.

Vilagarcía de Arousa, 3 de maio de 2017.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria Xeral

Alberto Varela Paz

Rosa Losada Suárez